

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 27/08/2020, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.
- 3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **27/08/2020** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 30 de Xullo de 2020 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística:

A **EUROCARD INGENIERÍA, S.L.**, con CIF B65329476 e domicilio social na Calle Vilamari, 86 - 88 Bajos, Barcelona (CP 08015), para proceder á **Rehabilitación dunha Vivenda Unifamiliar de Baixo, Planta Primeira e Baixo Cuberta coda finalidade de destinar a a Pensión Unha Estrela**, emprazada na Rúa Patres, 17 da Vila de Fisterra (Referencia Catastral 8710205MH7581S0001XU) debendo axustarse na súa totalidade ó **Proxecto Básico e de Execución** redactado polo Arquitecto Xoán Bautista Alborés Tajés de datas 10 e 24 de Xullo de 2020, así como ó Informe emitido pola Área provincial da Coruña da Axencia de Turismo de Galicia que constan no expediente; condicionada a que, unha vez rematadas as obras repoñerase o pavimento afectado ó estado inicial coas mesmas calidades e materiais.

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

-- **EXPEDIENTE** : 2020/U022/000008

-- **LICENZA URBANISTICA** : Xunta de Goberno Local 27/08/2020

-- **ORDENANZA DE APLICACIÓN** : Edificación Residencial do Casco Antigo de Fisterra.

-- **PROMOTOR**: EUROCARD, S.L.

-- **CONSTRUTOR**: -----

-- **DIRECTOR DE OBRA**: Xoán B. Alborés Tajés.- Arquitecto .

-- **DIRECTO DE EXECUCIÓN MATERIAL**: Juan Ramón Insua Redonda.

-- **NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS**: As Existentes

1-- **USOS**: Pensión

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

--Douscentos vinte e oito euros con un céntimo (228,01 €), en concepto de Taxa servizos urbanísticos.-

-- Mil seiscentos setenta e dous euros con sete céntimos (1.672,07 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da valoración efectuada polo Departamento de Urbanismo en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de SETENTA E SEIS MIL TRES EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (76.003,20 euros).

Así mesmo salienta que unha vez rematadas as obras deberá:

-- Para o inicio da actividade, o artigo 364 apartado 2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que unha vez rematadas as obras presentárase comunicación previa para a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

-- O Decreto 106/2015, di 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia establece no seu artigo 11 que:

“1. As persoas titulares de actividades que se pretendan desenvolver en edificacións deberán dispoñer, con carácter previo ao inicio da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade que, partindo da clasificación de actividades recollida na alínea A) do anexo acredite o cumprimento dos valores de illamento indicados na alínea B) do mesmo anexo. O devandito informe deberá ser presentado ante o concello en que radiquen os locais nos cales se pretenda desenvolver a actividade xunto coa comunicación previa prevista no artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ou xunto coa solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva.

2. Este informe incluírá os seguintes aspectos:

a) Illamento entre a actividade e as vivendas lindeiras co local (DnT 100-5000 Hz e DnT 125 Hz) e niveis de recepción interna nas vivendas lindeiras derivadas do funcionamento no local emisor e o tempo de reverberación.

b) Illamento acústico de fachada (D2m,nT 100-5000 Hz).

c) Nivel de ruído de impactos (L'nT 100-5000 Hz).

3. Non será obrigatoria a achega do informe previsto nos puntos anteriores deste artigo no caso de que as persoas titulares das actividades fagan constar expresamente, no momento de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva, que as devanditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, ou a 70 dB no caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído. Isto enténdese sen prexuízo dos labores de comprobación que posteriormente efectúe a Administración local.”

4. O disposto neste artigo tamén será de aplicación aos supostos de modificación, ampliación ou traslado.

En base ao dito con anterioridade presentárase un informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade.

- A GRUPO CABO SPORT, S.L., con CIF B-70606900 e domicilio social na Rúa Federico Ávila, 7 desta Vila, para proceder á Reforma dunha edificación existente de baixo, tres plantas e baixo cuberta emprazada na citada Rúa, Referencia Catastral 8607444MH7580N0001TT) debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico, de Execución e demais documentación complementaria de datas 13/09/2019, 15/04/2020, 19/06/2020 e 6/08/2020 respectivamente, redactados polo Arquitecto Xoán Bautista Alborés Tajés que constan no expediente, así como ó Informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 19 de Febreiro de 2020 coas condicións que se indican nos puntos 21 e 22 dos antecedentes e consideracións técnica, coa observancia dos criterios que se describen no punto 20 de mesmo; condicionada a que :

-- Unha vez rematadas as Obras, repoñerase ó estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra dispórase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

-- EXPEDIENTE : 2019/U022/000014

-- LICENZA URBANISTICA : Xunta de Goberno Local 27/08/2020

- **ORDENANZA DE APLICACIÓN** : Edificación Residencial entre medianeras.
- **PROMOTOR**: GRUPO CABO SPORT, S.L.
- **CONSTRUTOR**: -----
- **DIRECTOR DE OBRA**: Marcos Samaniego Reimúndez.- Arquitecto .
- **DIRECTO DE EXECUCIÓN MATERIAL**: José Carlos Lago Traba.
- **NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS**: As Existentes
- **USOS**: Pensión e Local Comercial

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidade de Dez mil cincocentos dezanove euros con corenta e seis céntimos (10.519,46 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da valoración efectuada polo Departamento de Urbanismo en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de CATROCENTOS SETENTA E OITO MIL CIENTO CINCUENTA E SETE EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (478.157,47 euros).

Así mesmo salientar que unha vez rematadas as obras deberá:

-- Para o inicio da actividade, o artigo 364 apartado 2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que unha vez rematadas as obras presentárase comunicación previa para a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

-- O Decreto 106/2015, di 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia establece no seu artigo 11 que:

“1. As persoas titulares de actividades que se pretendan desenvolver en edificacións deberán dispoñer, con carácter previo ao inicio da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12, elaborado a

partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade que, partindo da clasificación de actividades recollida na alínea A) do anexo acredite o cumprimento dos valores de illamento indicados na alínea B) do mesmo anexo. O devandito informe deberá ser presentado ante o concello en que radiquen os locais nos cales se pretenda desenvolver a actividade xunto coa comunicación previa prevista no artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ou xunto coa solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva.

2. Este informe incluírá os seguintes aspectos:

a) Illamento entre a actividade e as vivendas lindeiras co local (DnT 100-5000 Hz e DnT 125 Hz) e niveis de recepción interna nas vivendas lindeiras derivadas do funcionamento no local emisor e o tempo de reverberación.

b) Illamento acústico de fachada (D2m,nT 100-5000 Hz).

c) Nivel de ruído de impactos (L'nT 100-5000 Hz).

3. Non será obrigatoria a achega do informe previsto nos puntos anteriores deste artigo no caso de que as persoas titulares das actividades fagan constar expresamente, no momento de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva, que as devanditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, ou a 70 dB no caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído. Isto enténdese sen prexuízo dos labores de comprobación que posteriormente efectúe a Administración local.”

4. O disposto neste artigo tamén será de aplicación aos supostos de modificación, ampliación ou traslado.

En base ao dito con anterioridade presentárase un informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade.

-- Visto o informe emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro desta Corporación con data 13/08/2020 en relación coa licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno na sesión do 18/06/2020 a nome da promotora MARÍA DEL CARMEN GÓMEZ CALVO, veciña de Fisterra,

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das

corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) **APROBAR O PROXECTO DE EXECUCIÓN** presentado pola Promotora para proceder á **Rehabilitación dunha Vivenda Unifamiliar** (Referencia Catastral 8607422MH7580N0001XT) redactado polo Arquitecto Antonio Martínez Domínguez, visado con data 27 de Xullo de 2020 que consta no expediente, ó cal deberá axustarse plenamente, **cumprindo con todas as condicións e normas que foron impostas no seu día na licenza urbanística outorgada.--**

-- Conectarase pola súa conta e cargo aos servizos públicos existentes, quedando concedida neste acto administrativo as licencias urbanísticas preceptivas.-

-- **As obras de acometida á rede de servizo municipal de abastecemento de auga teranse que executar coas seguintes condicións:**

a.- Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.

b.- A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1”) en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c. Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta).

Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarse unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra”, e frecha de sentido de fluxo de auga.

d. Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e. A interesada comunicarse coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

• As obras de acometida á rede de servizo municipal de Saneamento que deberá executarse coas seguintes condicións:

a. Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada para que deste xeito a Empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade a zona na que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b. Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c. Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d. A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte.

Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/l de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15.

Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e. No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

f. O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

g. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h. Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

i. A interesada comunicarase coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

-- EXPEDIENTE : 2019/U022/000016

-- LICENZA URBANISTICA : Xunta de Goberno Local 18 de Xuño de 2020

-- ORDENANZA DE APLICACIÓN : O-1 do Casco Antigo de Fisterra.-

-- PROMOTORA : MARÍA DEL CARMEN GÓMEZ CALVO

-- CONSTRUTOR : -----

-- DIRECTOR DE OBRA : Antonio Martínez Domínguez, Arquitecto.

-- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL : Juan Ramón Insua Redonda, Arquitecto Técnico.

-- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS : B + 1

-- USO : Vivenda Unifamiliar.

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

-- O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, que deberá

comunicarse ante este Concello, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

2) Notificar este acordo á promotora para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de FRANCISCO JOSÉ INSUA TOBA, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.418 de 7/08/2020) para proceder á realización de obras consistentes na delimitación dunha finca con valla metálica de 2 metros de altura e portalón de entrada de madeira. (Referencia Catastral 8405858MH7580S0001AD).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 13 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de GENOVEVA TRILLO LÓPEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.344 de 29/07/2020) para proceder á realización de obras consistentes na substitución da galería actual por outra nova de pvc, nunha vivenda (Referencia Catastral 8802305MH7580S0001HD).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 13 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MONTSERRAT POMBO INSUA, veciña de Fisterra, (Rexistro de Entrada

1.339 de 28/07/2020) para proceder á realización de obras consistentes na substitución da tella actual por outra nova do teito dunha vivenda (Referencia Catastral 001404600MH75D0001JQ).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 12 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-**

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **MARÍA AGUSTINA CALO FERNÁNDEZ**, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 907 de 15/06/2020) **para proceder á realización de obras consistentes no pintado das fachadas exteriores en cores claros nunha vivenda (Referencia Catastral 8706604MH7580N0001QT) mediante a ocupación de vía pública con andamios nunha superficie de Seis metros.-**

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 11 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-**

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **CARLOS SUÁREZ MARCOTE**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 777 de 25/05/2020) **para proceder á realización de obras consistentes no pintado da fachada e pichóns en tono beige claro nunha (Referencia Catastral 001504300MH75D0001KQ).-**

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 4 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de DELFINO POMBO BUITURÓN, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.331 de 27/07/2020) para proceder á realización de obras consistentes no pintado das fachadas en cor branca dunha vivenda (Referencia Catastral 000800500MH75D0001JQ)

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 14 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MIGUEL DÍAZ PIÑEIRO, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 792 de 28/05/2020) para proceder á realización de obras consistentes no revestimento da fachada en pedra e a instalación dunha piscina exterior nunha vivenda (Referencia Catastral 8105134MH7580N000TR),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 4 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia,),debedo axustarse na súa totalidade ás condicións indicadas na Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na que se indica que:

O revestimento de pedra se perciba como aplacado sen intentar imitar a fábrica de pedra ou cachotería.

Todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de VANESA CANOSA BUITURÓN, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 966 de 18/06/2020) para proceder á realización de obras consistentes no encintado da pedra da fachada lateral dunha vivenda (Referencia Catastral 000401500MH75B0001FY),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 24 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, debendo axustarse na súa totalidade ás condicións indicadas na Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na que se indica que:

-- O rexuntado da pedra dos muros realizarase con morteiros de cal, similares ós empregados tradicionalmente, coloreados en tonos similares ós da pedra, debendo quedar lixeiramente refundidos na xunta ou a rentes coa fábrica, nunca en relevo.

Prohíbese o emprego de morteiros exclusivamente de cemento, que polas súas propiedades non son axeitados para fábricas tradicionais de pedra. O aspecto visual do novo rexuntado deberá ser en todo análogo ó xa existente na edificación, de xeito que partes novas e vellas resulten o máis indistinguibles.

Todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ALFONSO PAMPÍN FANDIÑO, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 923 de 16/06/2020) para proceder á realización de obras consistentes no pintado da fachada e pichóns en cor area, nunha vivenda (Referencia Catastral 15038A503 001150000DL).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data

24 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSEFA INSUA RIVAS, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 976 de 19/06/2020) para proceder á realización de obras consistentes no lavado e pintado das fachadas en cor claro, nunha vivenda (Referencia Catastral 8704606MH7580S0003AG) mediante a ocupación de vía pública con máquina elevadora nunha superficie de seis metros (6).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 24 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MODESTA INSUA RIVAS, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.457 de 13/08/2020) para proceder á realización de obras consistentes no pintado das fachadas en cor branco, dunha vivenda (Referencia Catastral 8802310MH7580S0001AD) mediante a ocupación de vía pública con máquina elevadora nunha superficie de seis metros (6).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 24 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da

propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSEFA LAGO LIZANCOS, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 942 de 17/06/2020) para proceder á realización de obras consistentes no pintado das fachadas exteriores en cores claros dunha vivenda (Referencia Catastral 8706606MH7580N0001LT),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 24 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, debendo cumprir as condicións indicadas na autorización do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, na que se indica que a cor do pintado sexa da gama dos brancos.-

Todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MILAGROS CANOSA SANTAMARÍA, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 876 de 10/06/2020) para proceder á realización de obras consistentes no pintado das fachadas exteriores en cores claros dunha vivenda (Referencia Catastral 001000900MH75F0001WL) mediante a ocupación de vía pública con andamios nunha superficie de cinco metros (5),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 20 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, debendo cumprir as condicións indicadas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia:

-- A presente autorización límitase exclusivamente ó pintado das fachadas da edificación, sen incluír a realización de ningunha outra operación

construtiva asociada ó pintado, de querer realizar calquera traballo aparte do pintado, deberá solicitar a súa pertinente autorización independente desta.

-- A cor do pintado das fachadas deberá escollerse entre as consideradas axeitadas na ficha R01 do Tomo IX: GAP Chairas e Fosas Occidentais, da Guía de Cores e Materiais de Galicia, sempre seleccionando unha que harmonice cas predominantes no ámbito.

Todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de RAMÓN MARCOTE BOULLOSA, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.475 de 18/08/2020) para proceder á realización de obras consistentes na reconstrución dun peche existente con pedra (Referencia Catastral 8003506MH7580S0001PD).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 25 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, condicionado a:

-- A altura máxima permitida para o total do peche solicitado (pedra+malla), non superará os 1,50 metros.

-- Antes do inicio das obras deberá solicitarse polo interesado na área de urbanismo do Concello, que se fixe sobre a parcela a alienación e o retranqueo do peche con respecto ao vial público.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA MERCEDES BOULLOSA BUITURÓN, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.338 de 28/07/2020) para proceder á realización de obras consistentes na construción dun alpendre de 30 m2 para a garda de maquinaria a emprazar nunha parcela (Referencia Catastral 8105114MH7580N0001KT).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data

24 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, condicionado a que :

-- Os parámetros e a cubrición deberán rematarse pintados dunha cor que se adapte ó entorno no que se ubica.

Todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais,

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de CARMEN TRILLO TRILLO, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.357 de 30/07/2020) para proceder á realización das obras que son necesarias co motivo da instalación do servizo de auga potable conectando coa rede de abastecemento municipal que pasa pola zona con destino a unha vivenda (Referencia Catastral 15038A502004670001FT),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 20 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

a.-Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.

b.-A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32 mm (1”) en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c.-Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta). Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra”, e frecha de sentido de fluxo de auga.

d.-Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e.- A interesada comunicarase coa empresa do servizo de abastecemento de auga, para que por esta se efectúe a correspondente conexión á rede pública e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f.-A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal e co fin de garantir a reposición do firme presentarase ante esta Corporación unha Fianza de 450 € en metálico ou aval bancario.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de VIOLETA TRABA CASTREJE, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.506 de 21/08/2019) para proceder á realización das obras que son necesarias co motivo da conexión do servizo de saneamento coa rede municipal que pasa pola zona con destino a dúas vivendas (Referencia Catastral 8309126MH7580N0001AT).

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 26 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.

• **As obras de Acometida á rede xeral do servizo municipal de Saneamento deberán executarse coas seguintes condicións:**

a.-Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b. Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c. Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d. A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte.

Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/I de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15.

Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e. No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

f. O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

g. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h. Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

i.- A interesada comunicárase coa empresa do servizo de abastecemento de auga, para que por esta se efectúe a correspondente conexión á rede pública e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á conexión para Rede de Baixa Tensión Subterránea (RBTS) con canalización proxectada nunha lonxitude de 100 metros a emprazar na localidade de Buxán deste Termo Municipal de Fisterra.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 5 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Antonio J. Sabín Vázquez; que consta no expediente; condicionada a:

-- Informar do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada no Concello.

-- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados, en colectores axeitados, e de ser o caso serán descargados en vertedoiro autorizado.

-- Unha vez rematadas as obras repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais, para o cal presentárase en concepto de garantía provisional a favor do Concello de Fisterra a cantidade de Tres mil cincocentos euros (3.500,00 €) en metálico ou aval bancario para garantir así a reposición da urbanización afectada.

Todo isto, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das corporacións locais.-

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-- Cento trinta e cinco euros con doce céntimos (135,12 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-- Novecentos noventa euros con noventa céntimos (990,90 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

B) Vista a Comunicación Previa de Obras formulada por parte de María Concepción Trillo Santiago, veciña de Fisterra, sobre solicitude de acondicionamento con plaqueta dunha beirarrúa existente por diante dunha vivenda (Referencia Catastral 880315MH7580S0001GD)

Visto o Informe do Departamento de Urbanismo e Plano do Inventario de Bens Municipais vixente , a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Denegar a María Concepción Trillo Santiago o Título Habilitante para ditas Obras por afectar a Viario de Uso público.-

2) Tendo en conta que ademais destas Obras que se pretendían realizar, existen na actualidade outras xa executadas que afectan ó Dominio Publico Municipal, tal y como se desprende das fotografías e Inventario, deberase requirir á Promotora para que no prazo de Tres meses contados a partires do día seguinte ó de recibo deste acordo, proceda á Demolición das mesmas deixando libre esa zona de uso público, facéndolle saber que no caso de non facelo así procederase a demolición por este Concello, concedéndolle un prazo de Dez días hábiles para que poida formular ante esta Corporación as alegacións que considere procedentes en defensa dos seus dereitos.-

3º.- ASUNTOS VARIOS.

A) EXPEDIENTE CONTRATACION OBRAS POS 2020.

Vista a Circular sobre a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia Municipal (Plan Único de Concellos) 2020 e Resolución sobre levantamento de condición imposta a Obra en cuestión de data 26 de Agosto de 2020 , a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1.- Iniciar expediente mediante procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios con aplicación de xuízos de valor e de adxudicación automática para a contratación da Obra denominada " Pavimentación no

Camiño da Barcia e Travesía do Montarón - Fisterra " cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Trinta e un mil oitocentos sesenta e nove euros con cincuenta e seis céntimos (31.869,56 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base ó modelo de prego de Cláusulas administrativas aprobado no seu día polo citado Organismo Provincial xunto cos Criterios de adxudicación que constan no expediente.-.-

2.- Publíquese Anuncio da licitación electrónica dentro da Plataforma de Contratación del Estado (<https://contrataciondelestado.es>) para que por parte dos interesados poidan presentar única e exclusivamente de forma electrónica a través da mesma, a documentación prevista no citado Prego en base o cadro de características e valoracións do mesmo que consta no expediente dentro do prazo de Vinte días naturais (20) contados a partir do día seguinte ó da súa publicación na citada Plataforma.--

3.- De conformidade co previsto no Artigo 15.1 do Prego de Cláusulas Administrativas determinar que a Mesa de Contratación que procederá a avaliar as proposicións dos licitadores que poidan presentarse e formular proposta de adxudicación ante o órgano de contratación, estará integrada por :

Presidente

José Marcote Suárez.- Alcalde

Vogais

Alexandre Dominguez Lado
Secretario Interventor da Corporación.-
Arquitecto/a Departamento Urbanismo

Secretario

José Marcote López.- Funcionario da Corporación

B) Adxudicación definitiva Obra Plan de Camiños Municipais 2020-2021.--

Examinado o expediente tramitado mediante **procedemento Aberto Simplificado** para adxudicación da Obra denominada " **Mellora do Camiño de Escaselas á Praia de Rostro Fase II** " cun presuposto total de Trinta e catro mil cincocentos cincuenta e oito euros con oitenta e un céntimos (34.558,81 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base ó Proxecto redactado ó efecto polo Arquitecto do Departamento de Urbanismo desta Corporación, Alfonso Botana Castelo e con Subvención outorgada por parte da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) mediante Resolución de data 3 de Xullo de 2020 e ,

Vista a proposta de adxudicación efectuada pola Mesa de Contratación na reunión do día 20 de Agosto de 2020 en favor da Empresa Enxeñaría Medioambiental e Desenvolvementos Construtivos S.L.U.,

Ante a Renuncia da Empresa antes referida que foi publicada na Plataforma de Contratación do Estado e unha vez examinada a documentación presentada pola seguinte Empresa coa Oferta mais ventaxosa incluída a Garantía Definitiva, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1.- Adxudicar definitivamente dita Obra en favor da Empresa Búa Construcciones y Servicios S.L. con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo s/n do Termo Municipal de Dumbría , Código Postal 15837 nun importe total de Vinte e dous mil seiscentos corenta e catro euros con sesenta e tres céntimos (22.644,63 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Catro mil setecentos cincuenta e cinco euros con trinta e sete céntimos (4.755,37 €) que supón unha baixa de Sete mil cento cincuenta e oito euros con oitenta e un céntimos (7.158,81 €) en relación co tipo de licitación tal e como queda acreditado no expediente.--

2.- Notificar dito acordo o adxudicatario facéndolle saber que a formalización do contrato administrativo efectuárase non mais tarde dos quince días hábiles seguintes ó recibo desta notificación.-

Así mesmo notificarase aos licitadores presentados, publicándose esta adxudicación na Plataforma electrónica de Contratación do Estado.--

3º.- Designar como Director de Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde ó Arquitecto do Departamento de Urbanismo, Alfonso Botana Castelo.-

4.- Facultar o Sr. Alcalde para que no nome e representación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

SANEAMENTO

Coa finalidade de recuperar a salubridade na zona afectada, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda Aceptar á Proposta Económica formulada por parte da Empresa Búa Construcciones y Servicios S.L. con CIF B70355615 e domicilio na localidade de Senre-Bustelo s/n do Termo Municipal de Dumbría nun importe de Dous mil douscentos noventa e nove euros (2.299,00 €) coa finalidade de executar á Obra denominada "Subsanación de Verquido nun Tramo Puntual da Rede de Saneamento Municipal en Sardiñeiro de Abaixo - Fisterra " con cargo ó Presuposto Ordinario actualmente prorrogado.-

DEVOLUCIÓN DE GARANTIAS

Unha vez examinadas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda proceder á Cancelación as seguintes garantías Definitivas impostas no seu día en Aval para responder da execución de Obras e Prestación de Servizos :

Número	Sociedade de Garantía	Data	Importe	Obra/Servizos
49.623	AFIGAL S.G.R	27/03/2018	4.876,04 €	Saneamento e Pavimentación de Vilar
44.966	AFIGAL S.G.R	10/07/2013	2.990,00 €	Mantemento Estación Depuradora de Residuos e Rede Municipal de Sumidoiros

Que por parte de Secretaria-Intervención se proceda a dilixenciar os oportunos Avaes con entrega ó Contratista Adxudicatario.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:30 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.